

XORNADA

# A Vespa velutina en Galicia: estado da cuestión e avances científicos

Consello da Cultura Galega  
Santiago de Compostela  
Mércores, 3 de abril de 2019



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

En Galicia vívese con preocupación a propagación da Vespa velutina, coñecida como “Vespa asiática”, pois este insecto invasor está a causar estragos na apicultura, ameaza o equilibrio do ecosistema e afecta á saúde das persoas. Desde a súa chegada ás nosas vidas, a Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia (ACVG) foi sensible ás necesidades da sociedade fronte a esta avéspora invasora, pois os veterinarios son responsables da saúde e benestar das abellas e a Vespa velutina é unha cazadora masiva delas. O Consello da Cultura Galega tampouco permaneceu alleo ao problema, tanto pola obriga de protección do patrimonio natural e a necesidade de garantir o dereito de todos a recibir os beneficios do progreso das ciencias e das súas aplicacións, coma polo feito de entender que a acción cultural debe atinxir as múltiples facetas da vida humana e das sociedades, tal e como indica a lei de creación desta institución.

Os expertos e expertas salientan a necesidade de afrontarmos de xeito efectivo as dimensións e os conflitos sociais inherentes á investigación e xestión da invasiva Vespa velutina, esa preocupante descoñecida. O Consello da Cultura Galega, a través da súa Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade vén realizando un importante labor de divulgación científica coa publicación de libros, a elaboración de recursos e a organización de encontros que contribúen a poñer de manifesto o diálogo entre as dúas culturas, como as acuñou C. P. Snow. E nesa liña se inscribe esta xornada: a ciencia que non se divulga á sociedade é coma se non existise.

*A Vespa velutina en Galicia: estado da cuestión e avances científicos*, organizada polo Consello da Cultura Galega en colaboración coa Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia, pretende ser un espazo de encontro entre o ámbito da investigación científica, os apicultores e os axentes involucrados na loita contra a especie invasora, para intercambiar información e para tentar responder de forma autorizada e matizada as preguntas do mundo real en relación coa ameaza da Vespa velutina.

Imaxe da portada: X. Feás (avalaible at [www.vespavelutina.co.uk](http://www.vespavelutina.co.uk))

## PROGRAMA

09:45 horas

Inauguración

10:15 horas

*Intelixencia artificial aplicada á monitorización da distribución espacio-temporal de pragas. A plataforma VeluMap*

**Luis Rodríguez Lado**, doutor en Bioloxía e xerente de GEOFORSK

11:00 horas

*A Vespa velutina en Galicia: a necesidade de avances no campo científico*

**Xesús Feás**, Académico Correspondente da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia

11:45 horas

Pausa

12:00 horas

Mesa redonda

Moderada: **Antonio Crespo Iglesias**, presidente da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia

**Xesús Asorey Martínez**, Asociación Galega de Apicultura, AGA

**M<sup>a</sup> Esther Ordóñez Dios**, Agrupación Apícola de Galicia

Representante Asociación Apícola Abellas Nais

**Xesús Feás**, Académico Correspondente da Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia

## **ORGANIZA**

Consello da Cultura Galega

Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)

[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

